



2

A Alta Idade Media. O inicio do feudalismo

Dhuoda.
Escritora

O meu nome é Dhuoda e nacín no século IX d. C. nunha familia da alta nobreza e, por iso, recibín unha boa educación. Como era costume, pronto se concertou o meu matrimonio co duque de Septimania, parente de Carlomagno. Co paso dos anos, o meu esposo e os meus fillos trasladáronse á Corte Real, mentres tanto eu permanecía en Uzès, ao sur de Francia, onde tiven que xestionar os nosos territorios e posesións. Quero transmitir aos meus fillos a formación que recibín, e como eles encóntranse na corte co seu pai, decidín escribir un tratado chamado *Liber manualis* para que poidan acceder a ela. Neste manual, indícolles como comportarse respectando os valores e as normas de conduta que toda persoa pertencente á nobreza debe seguir ao longo da súa vida.

Durante o período da Alta Idade Media, a nobreza vivía en castelos situados no feudo; a parte principal destas construcións era a torre da homenaxe, que adoitaba dividirse en varios pisos onde se situaban as estancias familiares.

Para comprender mellor a Alta Idade Media vas coñecer:

- O feudalismo en Europa. Cronoloxía, orixe e extensión.
- A economía e a sociedade feudais.
- A nobreza: modo de vida e residencia.
- O clero: as actividades da igrexa. O clero regular.
- O campesiñado: a vida e as actividades que desempeñaba.
- A arte románica: arquitectura, escultura e pintura.

PREGUNTAS E RESPOSTAS

- 1 Que tratado escribiu Duhoda de Uzès e cal foi o seu propósito ao facelo?
- 2 Onde se encontra situado o castelo no que reside a nobreza e cal é a súa parte principal?

- 3  **Comprobamos.** Resolve as cuestións formuladas en cada un dos apartados da páxina da dereita. Para iso, podes consultar a información contida na unidade.

1.1 Cronoloxía e trazos do feudalismo

O feudalismo foi o sistema político, económico e social característico de Europa ocidental entre os séculos ix e xv.

O sistema adquiriu os seus **traços característicos** durante a Alta Idade Média; é dizer, entre os séculos ix e xi.

Os trazos máis destacables foron a perda de poder político dos reis, unha economía principalmente agraria, unha organización social baseada en relacións de dependencia entre as persoas, e unha enorme influencia da relixión cristiá.

Nos seus inicios, ademais, a época feudal diferenciouse polo empobrecemento cultural e artístico, ata que co tempo xurdiu un estilo artístico común en toda Europa: o románico.

1.2 Orixe e extensión do feudalismo

A **orixe** do feudalismo remóntase ao século IX, pois foi unha consecuencia da inseguridade e dos momentos de crise e pobreza que seguiron á morte do emperador Carlomagno en 814.

Os motivos desta inseguridade foron as loitas entre os sucesores do emperador; os ataques dos musulmáns ás costas cristiás do Mediterráneo, sobre todo de Italia e Sicilia; e unha segunda incursión de **pobos invasores**: os viquingos ou normandos, no Atlántico; e os búlgaros, maxiars e eslavos, no centro de Europa.

El marco geográfico



AVANZA EN COMPETENCIAS

Utilizar mapas

- 1 Que reinos existían no século ix nas actuais España, Francia, Alemaña e Italia? Onde se situaban os territorios musulmáns?
- 2 Observa o mapa das invasións nos séculos ix e x e responde as seguintes preguntas: a) Que pobos ameazaban a seguridade de Europa? b) Que territorios atacaba cada un deles e como se representan estes ataques no mapa?

Establecer relaciones

- 3 Que relación existe entre o feudalismo e a inseguridade da época?
- 4 Quen integraba a Curia Rexia e cal era a súa función?

Ante esta situación, os reis, incapaces de protexer todo o seu territorio, confiaron a súa defensa a poderosos nobres locais, que lles xuraban fidelidade e axuda militar a cambio de concesións.

O campesiñado, pola súa banda, buscou a protección dos nobres, entregándolles a cambio a súa terra ou o seu traballo.

Todo iso provocou a concentración de grandes extensións de terra en mans de nobres, bispos e abades, aos que estaban subordinados unha gran masa de homes e mulleres sen propiedades.

O feudalismo **estendeuse** polos territorios europeos situados entre o litoral atlántico e as chairas rusas, e entre as costas do norte do continente e o mar Mediterráneo.

1.3 A monarquía feudal


A Europa feudal encontrábase fragmentada en numerosos **reinos e estados** independentes, cuxo goberno recaía en **reis** que consideraban que o seu poder procedía de Deus.

En teoría, polo tanto, a súa autoridade era moi ampla: dirixían o exército, lexislaban e xulgaban. Pero na práctica o rei só era «o primeiro entre os seus iguais», xa que os grandes nobres e eclesiásticos actuaban con grande independencia.

Os reis axudáronse para gobernar da **Curia Rexia** ou Consello Real, unha asemblea política de nobres e eclesiásticos que os aconsellaban nos principais asuntos.

Para a súa administración, os reinos dividíronse en condados, dirixidos por condes; e en ducados, gobernados por duques.

Os reis e a Curia Rexia



As segundas invasións



Os **viquingos**, aos que os seus contemporáneos chamaron normandos, procedían de Escandinavia. Desde mediados do século VII e ata 1100 aproximadamente, a bordo das súas naves dragón con capacidade para 50 persoas, saquearon as costas europeas en busca de botín. Co tempo establecéronse en diversos territorios europeos. Outros pobos invasores foron os **búlgaros** e os **maxiarios**, que procedían de Asia occidental e establecéronse en Hungría. Desde alí atacaban os territorios de Europa occidental.

Cando os reis tiñan que tomar decisións importantes, pedían opinión aos membros da Curia Rexia, un organismo composto por nobres, cabaleiros, bispos e abades.

Utilizar estratexias de investigación

- 5 A seguridade, tanto pública como privada, é un ámbito profesional que abrangue moitas profesións (vixilancia, seguridade cidadá, seguridade internacional, ciberseguridade, etc.). Se tiveses que converterte en experta ou experto en seguridade, en que ámbito che gustaría desenvolver o teu traballo? Investiga este mundo profesional e traza un itinerario para chegar a el.



2.1 A organización do señorío

A Europa medieval era un mundo agrario no que a riqueza se fundamentaba na posesión da terra. O centro da actividade económica eran os feudos ou **señoríos**, grandes territorios pertencentes ao rei, ou concedidos por este á nobreza e ao clero a cambio dos seus servizos. Os señoríos constaban de dúas partes: a reserva señorial e os mansos.

- A **reserva señorial** era o territorio explotado directamente para o señor. Incluía a súa residencia (o castelo ou a casa señorial); as mellores terras de labor, que eran cultivadas por servos ou campesiños libres; prados con pastos para o gando; bosques onde cazar e obter leña; e ríos onde pescar e aprovisionarse de auga.
- Os **mansos** eran pequenas parcelas outorgadas ou arrendadas polo señor aos campesiños. A cambio, debían entregarlle unha parte da súa colleita e traballar as terras da reserva señorial algúns días ao ano, como arar en primavera, cortar a herba ou recoller a colleita. Tamén debían prestarlle ao señor certos servizos: domésticos, de construción, facer reparacións, etc.

AVANZA EN COMPETENCIAS

Manexar conceptos

- 1 Define os termos *señorío*, *reserva señorial* e *manso*.
- 2 Que significa que o señorío era autósuficiente?

Valorar a evolución histórica

- 3 Explica o porqué destas afirmacións:
 - a) A produción agraria era escasa.
 - b) O comercio era escaso.
 - c) Os campesiños debían pagarlle impostos ao señor.

O feudo ou señorío



2.2 O traballo no señorío

Os señoríos eran autosuficientes; é dicir, neles realizábanse as tarefas agrarias e fabricábanse todos os artigos necesarios para a vida cotiá.

- O **traballo da terra** empregaba ferramentas rudimentarias, como a aixada, a fouce, a gadaña e o arado romano tirado por bois, que era pouco pesado e apenas afondaba no terreo. E para manter a fertilidade da terra practicábase a rotación bienal, que deixaba cada ano en barbeito a metade da superficie. Como consecuencia, os rendementos da terra eran moi escasos.
- A **fabricación dos artigos** necesarios para a vida realizábase nos talleres do señorío: ferrería, carpintería, tonelería, etc. Algunhas instalacións, como o muíño, o lagar, o forno, a prensa ou a ponte, eran propiedade do señor, que lles cobraba impostos aos campesiños por utilizalas.

O comercio, polo tanto, era moi escaso. Del adoitaban encargarse mercadores ambulantes que se desprazaban entre os señoríos.

Manexar imaxes  Preguntas provocadoras

- 4 Coa axuda da ilustración e do texto resolve estes interrogantes:
- a) Cales son as partes do señorío que se aprecian?
 - b) Que edificacións e terras se inclúen en cada unha destas partes?
 - c) Que tarefas agrarias se realizan? Que instrumentos se empregan para iso?
 - d) Que alimentos se obteñen?
 - e) Que artigos se producen no señorío? En que instalacións se realizan?

3.1 Unha sociedade dividida en estamentos

A sociedade feudal era **estamental**; é dicir, dividíase en ordes, estamentos ou grupos sociais aos que se pertencía por nacemento, agás no caso do clero. Os estamentos eran tres, e cada un desempeñaba unha función social:

- A **nobreza** guerreaba e defendía a sociedade.
- O **clero** oraba pola salvación da humanidade.
- Os **traballadores** realizaban as tarefas necesarias para manter e alimentar os outros dous grupos. Na súa maioría eran campesiños libres ou servos, que xunto aos escasos artesáns e comerciantes constituían o groso da poboación.

A nobreza e o clero eran estamentos privilexiados, xa que non traballaban, non pagaban impostos, gozaban de leis especiais e ocupaban en exclusiva certos cargos. Os traballadores, en cambio, carecían de privilexios.

3.2 As relacións de dependencia

Na época feudal, as persoas estaban unidas entre si por relacións de dependencia persoal. Pero estas relacións eran distintas segundo o estamento ao que se pertencía.

- As **relacións feudo-vasalo** ou de vasalaxe establecíanse entre o señor, que podía ser o rei ou un gran nobre ou eclesiástico; e o vasalo, xeralmente outro nobre de menor categoría.

Eran pactos de alianza militar a cambio de concesións económicas. Levábanse a cabo nunha cerimonia solemne, coñecida como **acto de vasalaxe**, á que asistían familiares e parentes. Esta cerimonia constaba de dúas partes: a homenaxe e a investidura.

- Na **homenaxe**, o vasalo, axeonllado, introducía as súas mans nas do señor aceptando ser o seu vasalo. Despois, xuráballes fidelidade, comprometéndose a non o prexudicar e a prestarlle axuda militar e consello.
- Na **investidura**, o señor entregáballe ao seu novo vasalo un símbolo do beneficio que lle concedía, como un puñado de terra, unha vara, un anel ou, no caso dos bispos, un báculo. Na maioría dos casos, este beneficio era un feudo; é dicir, unha grande extensión de terra que aseguraba o sustento do vasalo e o dereito de gobernala.
- As **relacións de servidume** establecíanse entre os campesiños e os señores.

O **señor** dáballes aos campesiños protección, xustiza e permiso para traballar a terra. A cambio, o **campesiño** estaba obrigado a traballar a reserva señorial, entregarlle unha parte da súa colleita e pagar os chamados dereitos señoriais.

A sociedade estamental

Pirámide social



Os contemporáneos opinan

... «Guerreiros son os que gardan os nosos burgos e tamén a nosa terra, loitando con armas contra exércitos que se nos aproximen.


... «Clérigos son os que rezan a Deus por nós e promoven o cristianismo entre os pobos cristiáns, ao servizo de Deus como traballo espiritual, dedicados soamente a isos labores para beneficio de todos nós».

... «Campesiños son os que proporcionan alimentos, labradores e granxeiros dedicados a iso».

Aelfric, arcebispo de Canterbury.
Coloquio, 1005.


As relacións desiguais

As relacións de vasalaxe



As **relacións de vasalaxe** regulaban as obrigas entre os grupos sociais superiores; é dicir, entre o señor e os seus vasalos. Establecíanse mediante o acto da vasalaxe.

As relacións de servidume



No apartado «Aplica as competencias» tes a proba: Ouros, copas, espadas e bastos!

As **relacións de servidume** regulaban as obrigas entre señores e campesiños. O señor dálles aos campesiños protección, xustiza e permiso para traballar a terra. A cambio, o campesiño estaba obrigado a traballar a reserva señorial, entregarlle unha parte da súa colleita e pagar os chamados impostos señoriais.

AVANZA EN COMPETENCIAS

Elaborar produtos orixinais

- 1 Elabora unha pirámide sobre a sociedade estamental. Debe incluír os membros de cada estamento e as funcións que desempeñaban.

Redactar sínteses

- 2 Fai unha frase que inclúa todos estes termos: estamentos, nobreza, clero, traballadores, privilexiados, non-privilexiados, relacións de vasalaxe e relacións de servidume.

Manexar imaxes



Preguntas provocadoras

- 3 Fíxate nas ilustracións e responde:
 - a) Que momentos do acto de vasalaxe se representan?
 - b) Que compromisos se adquirirían en cada un deles?
 - c) Quen eran os señores nas relacións de vasalaxe? E os vasalos?
 - d) Entre quen se establecían as relacións de servidume? A que se comprometía cada unha das partes: señores e campesiños?

Como vivía a nobreza?

4.1 O estamento nobiliario

A nobreza era un estamento social composto por un reducido número de persoas. Dividíase en dous grupos, diferenciados pola súa riqueza e poder:

- A **alta nobreza**, formada polos vasallos directos do rei, como os duques, os condes, os marqueses e os baróns.
- A **baixa nobreza**, integrada por nobres de menor categoría, como os fidalgos, os cabaleiros ou as persoas que podían manter un cabalo e o armamento de guerra.

4.2 A vida da nobreza

A vida dos **varóns nobres** xiraba arredor da á actividade militar, para a que se adestraban desde moi novos. En tempos de guerra prestábanlle axuda militar ao señor coas súas tropas. E en tempos de paz adestrábanse para a guerra practicando a equitación, a caza e o combate en torneos.

As **damas nobres** casaban coa persoa elixida polos seus pais. Debíanlle obediencia total ao marido e dedicábanse a dirixir os serventes, educar os fillos, orar e bordar. As que quedaban solteiras, adoitaban ingresar en mosteiros.

A nobreza diferenciábase dos demais grupos sociais pola **indumentaria**, caracterizada pola calidade e o colorido das teas, e a riqueza dos adornos. Tamén pola **alimentación**, cun maior consumo de carne, a condimentación con especias caras (azafrán, canela, pementa) e a elaboración dos alimentos con refinadas receitas.


4.3 O castelo, residencia do señor

Os nobres residían en castelos, onde tamén se refugiaba a poboación do lugar en caso de perigo.

Adoitaban situarse no centro do feudo, sobre un lugar elevado, e estaban protexidos por un foso e por grosas murallas e torres. No interior, a parte principal era a torre da homenaxe. Nela situábanse os aposentos do señor e da súa familia, e o gran salón ou estancia principal, onde o señor celebraba os banquetes, recadaba os impostos e impartía xustiza. Ademais, os castelos contaban con pozo, cortes e talleres que producían os artigos necesarios para a vida cotiá.

O castelo e a nobreza

1. **Adarve.** Camiño que percorre a parte superior do castelo.
2. **Barbacá.** Abertura estreita no muro, que servía para disparar en caso de ataque.
3. **Foso.** Escavación do terreo arredor do castelo para impedir a aproximación das máquinas.
4. **Matacán.** Construción realizada no alto dunha torre ou porta para defenderse ou atacar o inimigo.
5. **Ponte levadiza.** Ponte pola que se cruzaba o foso. Denominábase así porque podía subir ou baixar para illar o castelo.
6. **Rastro.** Reixa pesada para impedir a entrada ao castelo.
7. **Torre da homenaxe.** Residencia do señor e da súa familia. Dividíase en varias plantas, onde estaban os aposentos do señor e da súa familia (A); o gran salón ou estancia principal (B) coas paredes cubertas de ricas teas e tapices; a capela; a cocíña; o corpo de garda (C), e os almacéns (D). Estes cuartos eran fríos, escuros e pouco amoblados.



Quen eran os cabaleiros?

Os cabaleiros eran as persoas que podían manter un cabalo e pagarse o armamento de guerra. As **armas** eran **defensivas**, como o helmo, a cota de malla e o escudo, e **ofensivas**, como a espada, a lanza, a daga, etc.

A cerimonia para armar un cabaleiro




A cerimonia era longa e complicada. O **día da cerimonia**, o aspirante tiña que lavarse o corpo enteiro, permanecer en xaxún, rezar as súas oracións, vestirse de branco, símbolo de pureza, e cubrirese cun manto vermello, como símbolo de que estaba disposto a derramar a última gota de sangue na guerra. Despois cortábanlle o cabelo, como sinal de servidume.

Pasaba a **noite** velando as súas armas e, á **mañá seguinte**, recibía a bendición do sacerdote, axeonllábase ante o señor feudal ou rei, e prestaba o xuramento de cumprir os seus deberes como cabaleiro.

Logo, recibía as armas, cinguíanlle a espada e o señor dáballo o recoñecemento, un golpe sobre o ombro.

A residencia. O castelo



Habitantes do castelo. Os homes e as mulleres vestían baixotúnica, sobretúnica suxeita cun cinto (1), manto forrado de pel no inverno (2) e calzado pechado. As mulleres cubrían a cabeza con variados toucados (3).

As diversións. Os torneos



Os **torneos** eran falsas batallas que constaban de diversas **probas**. A **principal** era a **xusta**, na que dous cabaleiros galopaban desde direccións contrarias ata encontrarse co fin de romper a súa lanza contra o adversario e desmontalo do cabalo. O vencedor recibía regalos, como fitas, xoias e armaduras.

AVANZA EN COMPETENCIAS

Elaborar coñecemento

- 1 Explica as diferenzas entre a alta e a baixa nobreza, e entre unha batalla e un torneo

Manexar imaxes

- 2 Fíxate nas ilustracións e responde:
 - a) Que momento da cerimonia de armar como cabaleiro se representa?
 - b) Escribe unha relación das armas ofensivas e defensivas dun cabaleiro.
 - c) Anota a función destas partes do castelo: foso, torre da homenaxe, talleres, torres aos lados da porta e ameas.

Buscar información relevante

- 3 En parellas, buscade información sobre un destes dous temas: a) Os torneos medievais; b) A vida dos cabaleiros.

5 Como vivía o clero?

5.1 O estamento eclesiástico

O clero non era un estamento homoxéneo, pois existían grandes diferenzas entre o alto e o baixo clero, que tamén dependían do lugar de residencia dos seus membros.

- O **alto clero** incluía o papa, os bispos e os abades e as abadesas dos grandes mosteiros, que gozaban de importantes feudos e rendas. O **baixo clero** comprendía os sacerdotes e os monxes e as monxas dos mosteiros, que vivían máis pobremente.
- O **lugar onde habitaban** distinguía o **clero secular**, que vivía entre os laicos e estaba integrado por bispos e sacerdotes; e o **clero regular**, que vivía en comunidade nunha orde relixiosa dentro dun mosteiro e estaba integrado por abades e monxes, ou por abadesas e monxas.

5.2 As actividades da Igrexa

A sociedade feudal era profundamente relixiosa. Nela, a Igrexa predicaba a doutrina cristiá e administraba os sacramentos. Pero tamén influía noutros ámbitos da vida diferentes ao relixioso.

- No **terreo político**, interviña nos asuntos dos reinos cristiáns, aconsellaba os reis e arbitraba nas súas disputas.

Tamén freaba a violencia a través da «paz de Deus», que prohibía atacar a persoas ou lugares indefensos; e a «tregua de Deus», que prohibía facer a guerra en domingos, días de festa e certas épocas do ano.

- No **terreo económico**, a Igrexa era un estamento privilexiado que non pagaba impostos, posuía grandes feudos e recibía doazóns. Tamén tiña dereito ao décimo, ou décima parte de todas as colleitas.
- No **terreo social**, controlaba o comportamento das persoas e o cumprimento das obrigas relixiosas. Tamén asistía a pobres e a enfermos, recollía os orfos, refuxiaba os perseguidos e hospedaba os peregrinos. As campás das igrexas e dos mosteiros, incluso, regulaban as horas de traballo e descanso, e eran a referencia máis habitual para medir o tempo.
- No **terreo cultural**, a Igrexa organizaba o ensino e financiaba numerosas obras de arte.

O clero

O prestixio da Igrexa



Na Alta Idade Media a Igrexa tiña un gran prestixio. Por iso estaba presente nos momentos máis importantes da vida das persoas: o nacemento, a través do **bautismo**; o casamento, a través do **matrimonio**; e a morte, a través do **enterro**.

AVANZA EN COMPETENCIAS

Establecer conexións

- 1 Clasifica os seguintes membros do clero segundo a súa riqueza e o lugar onde habitan: sacerdote, monxa, bispo, abadesa.

Organizar información

- 2 Realiza un esquema sobre as actividades da Igrexa.


Manexar imaxes

Preguntas
provocadoras

- 3 Fíxate nas ilustracións e resolve estas cuestións:

a) Que actividades realizaban os monxes nos mosteiros? b) Como era o seu hábito? c) Cales eran as partes do mosteiro dedicadas á oración e ao uso exclusivo dos monxes? Para que se utilizaba cada unha? d) Que espazos do mosteiro se destinaban ás actividades económicas, sociais e culturais?

O mosteiro



O clero regular




5.3 A vida do clero regular. Os mosteiros

A vida monástica tivo unha grande importancia na Idade Media. Os mosteiros construíanse no campo e incluían diferentes partes destinadas a cada función: igrexa para orar e dependencias para os monxes. Tamén contaban con espazos para as distintas actividades económicas, como horta, lagar, corte, forxa e carpintería; sociais, como hospedaxe e enfermería; e culturais, como escola, biblioteca e *scriptorium* ou escritorio, un lugar onde se copiaban a man códices ou libros moi antigos que se ilustraban con miniaturas.

Os monxes obedecían a regra ou normativa propia de cada orde, e vestían o seu hábito. Na Alta Idade Media, a principal foi a orde dos beneditinos, fundada no século VI por San Bieito de Nursia.

Os beneditinos levaban hábito negro; tiñan votos de pobreza, obediencia e castidade; rexíanse polo principio de «ora et labora» («reza e traballa»), que combinaba a oración co traballo manual; e levaban unha alimentación austera consistente en sopa, pan, verdura, ovos, froita, viño e cervexa. A carne e o peixe eran excepciónais.



A regra beneditina establecía que os monxes debían repartir o seu tempo entre a oración e o traballo.

O seu **hábito** era unha túnica negra que se suxeitaba cun cinto; un escapulario, que colgaba sobre o peito e sobre as costas; unha capa ou cugula cun capuchón e grandes mangas; medias e zapatos.

6 Como vivían os campesiños?

6.1 O estamento dos traballadores

Os campesiños dos feudos constituían a maior parte do estamento dos traballadores. Entre eles distinguíanse dous tipos:

- Os **viláns** eran persoas libres, que podían vivir onde quixesen e mesmo marchar do feudo.
- Os **servos** eran persoas que non podían abandonar o manso que cultivaban, ao que estaban vinculados, e transmitían a súa condición por herdanza aos seus fillos e fillas. Non obstante, posuían algúns bens persoais, e o señor, que lles debía protección e xustiza, non podía golpealos, matalos ou vendelos como escravos.

6.2 A vida dos campesiños

As tarefas agrarias e outras actividades complementarias realizábanse coa participación de toda a familia campesiña.

- Os **homes** realizaban os labores agrarios máis pesados, como arar, segar ou tallar árbores. Algúns desempeñaban tamén certos oficios, como carpinteiros, albaneís, panadeiros ou ferreiros.
- As **mulleres** axudaban nas tarefas agrarias, como a sementeira, a colleita e a vendima; realizaban as faenas domésticas; e coidaban dos nenos, fiaban e tecían. Algunhas traballaban tamén como serventas, lavadeiras ou xornaleiras.
- Os **nenos** encargábanse dos traballos menos duros. A partir dos catro anos comezaban a colaborar nas tarefas de casa, buscando leña ou coidando os animais domésticos. E a partir dos 14 anos, unha vez alcanzada a maioría de idade, empezaban a traballar nas faenas agrícolas.


A vida diaria dos campesiños era moi dura. Traballaban de sol a sol con ferramentas primitivas que proporcionaban baixos rendementos. Ademais, debían pagarlle ao señor feudal impostos por traballar a terra e por usar certas instalacións do feudo, como o muíño, o forno e a prensa; traballar gratuitamente na reserva e na casa do señor; e pagarlle á Igrexa o décimo ou décima parte das súas colleitas e do gando.

6.3 A indumentaria e a alimentación

A **vestimenta**, confeccionada habitualmente polas campesiñas, era de tecidos bastos de la sen tinguir e de cor apardazada. Cada persoa tiña un vestido, que utilizaba durante todo o ano.

A **alimentación** era escasa e monótona. Nun 70 % consistía en pan de cereais pobres, como centeo, paíngo ou aveia, que completaban con potaxes de legumes, verdura, leite e ovos. A carne limitábase a contadas ocasións, como Nadal e algúns días de festa. Procedía das aves de curral e da matanza dun porco, realizada no mes de novembro ou decembro.

Indumentaria e ferramentas



Os **campesiños** vestían camisa e túnica curta; e as **campesiñas**, camisa e túnica longa ou corpiño e faldra longa.

Ambos os dous sexos usaban medias ou polainas; chancos de madeira onde introducían os zapatos para evitar o barro; e gorros, carapuchas ou panos para protexerse do frío e do sol.

Como era o aseo na Idade Media

O aseo era moi escaso e reducíase ás partes visibles do corpo: mans e rostro.

Con estas escasas condicións hixiénicas, era moi frecuente a proliferación de pio-llos, pulgas e chinches, que nunca se asociaban á falta de hixiene. Un remedio habitual para librarse deles era introducir a persoa nun barril, pensando que a falta de luz e aire mataba os parasitos.

O campesiñado

Aldea



6.4 A aldea e as súas vivendas

As aldeas estaban habitadas por persoas dependentes dun mesmo señor feudal. Construíanse en terreos gañados ao bosque co esforzo dos campesiños e campesiñas. Para iso, unha vez elixido o lugar, incendiábanse as árbores, tallábanse os troncos queimados, arábanse os campos e levantábanse as vivendas.

A contorna da aldea subministraba certos recursos. Así, o bosque proporcionaba pastos para o gando, caza menor, madeira coa que construír as casas, leña para acender o lume e froitos cos que completar a escasa alimentación. E os pantanos e os ríos achegaban canas, xuncos e peixe.

As vivendas das aldeas eran moi modestas. En xeral, os muros construíanse cos materiais do lugar, como madeira, barro ou pedra; a cuberta, con palla; e o chan, con terra apisoada. Adoitaban contar cun ou dous cuartos, a miúdo sen ventás, e posuían escasos mobles: un banco, varios catres de palla, unhas cantas cazolas de barro, e escudelas e xerras de madeira.

AVANZA EN COMPETENCIAS

Manexar conceptos

- 1 Define conceptos: *vilán*, *servo* e *décimo*.

Valorar a evolución histórica

- 2 Por que era moi dura a vida campesiña? Que diferenzas aprecias respecto á vida do campesiñado actual?

Manexar imaxes Análise asociativa

- 3 Coa axuda da ilustración e do texto explica como era a aldea campesiña, que tarefas se realizaban e que instrumentos se empregaban.
- 4 Describe como eran as vivendas: materiais, distribución e mobiliario.

A arte románica (I).

A arquitectura

7.1 O primeiro estilo europeo

A arte románica, desenvolvida principalmente entre o século XI e o século XII, foi o primeiro estilo medieval que adquiriu uns trazos comúns en toda Europa. O seu nome procede da forma do seu arco característico, que recorda o utilizado polos romanos.

Á súa difusión colaboraron a orde beneditina, que adoptou este estilo na súa casa nai de Cluny (Francia), e desde alí o estendeu polos demais mosteiros fundados en Europa; as cruzadas e as peregrinacións a lugares santos. Tamén contribuíu a difundilo a existencia de mestres canteiros, que dirixían cuadrillas de albanais, carpinteiros e escultores, e viaxaban de xeito itinerante polas rexións europeas ofrecendo os seus coñecementos técnicos.

7.2 A arquitectura románica

Os elementos arquitectónicos

A arquitectura románica utilizou a pedra como material principal; os soportes interiores a base de columnas e piares cruciformes; os arcos semicirculares ou de medio punto; e as cubertas con bóveda de canón, conseguida pola sucesión de arcos de medio punto, ou con bóveda de aresta, formada polo cruzamento de dúas bóvedas de canón.

Estas bóvedas de pedra son moi pesadas. Por iso no interior refórzanse con arcos faixóns transversais, que traspasan o peso da bóveda aos soportes. E no exterior o edificio apuntálase con contrafortes, para evitar que o muro puidese envorcar co peso. Os edificios teñen tamén grosos muros e poucas ventás; por iso, os interiores son escuros.

No exterior, o muro decórase con faixas verticais que sobresaen do muro, con galerías de pequenos arcos cegos e con diferentes tipos de molduras.

Os tipos de edificios

A **igrexia** foi o edificio principal. Adoitaba ter planta de cruz latina, composta por unha, tres ou cinco naves separadas por arcadas; transepto, ou nave trasversal con ciborio ou torre no centro; e unha cabeceira formada por varias ábsidas semicirculares. As de peregrinación tiñan, ademais, un deambulatorio ou nave semicircular que rodeaba o altar maior e permitíalles aos peregrinos transitar pola igrexia sen interromper o culto; e unha tribuna ou segundo piso sobre as naves laterais, para acoller máis fieis.

Entre as igrexas románicas destacan as de Santa Fe de Conques, Santa Magdalena de Vezelay e San Pedro de Moissac, en Francia; a catedral de Durham, no Reino Unido; a catedral de Worms, en Alemaña, e o conxunto de Pisa, en Italia.


Outros tipos de edificios románicos foron os **mosteiros**, os **castelos** e as **murallas**.

Interior de Santa Fe de Conques




A igrexa románica

Exterior e planta de Santa Fe de Conques



Sección dunha igrexa



AVANZA EN COMPETENCIAS

Cofecer a arte

- 1 Explica o porqué destas afirmacións: a) o románico considérase o primeiro estilo internacional europeo; b) as igrexas románicas teñen muros grosos e resultan escuras; c) as igrexas de peregrinación tiñan deambulatorio e tribuna.

Analizar obras de arte

- 2 Describe a planta da igrexa románica. Centra a túa atención na forma que ten e nos trazos das naves e da cabeceira.
- 3 Que tipos de bóvedas se utilizaron no románico? Explica as súas diferenzas. Indica que tipo de bóveda se aprecia na fotografía de Santa fe de Conques.

Valorar o patrimonio

- 4 Busca imaxes de interiores e exteriores dunha igrexa románica. Explica, despois, as características da arquitectura románica que se observan.

Consulta a análise de obras de arte (I). A arquitectura

DESTREZA

A arte románica (II). A escultura e a pintura

8.1 Caracteres xerais

As esculturas e pinturas románicas tiveron como destino principal as igrexas. A súa función era ensinar a doutrina cristiá a través de imaxes ao pobo, na súa maioría analfabeto.

Esta **función** explica por que as figuras non buscan a beleza nin o realismo, senón a expresividade ou a comunicación clara da mensaxe que queren transmitir. Como esta mensaxe é eterna e intemporal, as figuras son ríxidas, alongadas, impasibles e, en certo modo, antinaturais.

Os **temas** principais son escenas do Antigo Testamento e da vida de Cristo, lendas de santos, e as virtudes e os pecados. Tamén se representan con frecuencia os temas relacionados co fin do mundo, entre os que destaca o Xuízo Final presidido polo pantocrátor ou Deus Todopoderoso.

8.2 O relevo e a escultura exenta

A **escultura en relevo**, realizada en pedra, aplicábase á arquitectura, onde se situaba nas portadas de entrada e nos capiteis, nos interiores ou nos claustros. En todos os casos, as representacións seguen a chamada «lei do marco», é dicir, adaptan a súa forma ao marco que as contén; e tenden a encher todo o espazo dispoñible.


A **escultura exenta** realizábase en madeira policromada ou en marfil, e os seus temas eran pouco variados. O **Cristo crucificado** está cravado na cruz con catro cravos, coroa de rei, longa vestidura e sen expresión de sufrimento ou dor. A **Virxe** represéntase como trono de Deus, sentada, sostendo o neno sobre os seus xeonllos e sen relación maternal con el.

8.3 A pintura. Frescos e táboas

A pintura realizábase ao fresco, sobre os muros interiores das igrexas; ou sobre táboas recubertas cunha capa de xeso, colocadas diante do altar (frontais de altar). Tamén as miniaturas, que ilustraban os libros, alcanzaron un gran desenvolvemento.

Caracterízase por ser unha pintura lineal, na que predomina un groso debuxo negro; polo uso de cores planas e uniformes, con predominio do azul e do vermello, e polo desinterese na representación do volume das figuras ou na profundidade do espazo.

O tímpano de Santa Fe de Conques



O **tímpano** está decorado con esculturas que representan o **Xuízo Final**.

Na **parte central e superior** encóntrase o **Todopoderoso** cos anxos. **Á súa dereita** está o **paraíso** onde os que se salvaron entran ao ceo conducidos pola Virxe, seguida por san Pedro. **Á súa esquerda** está o **inferno** cos condenados e o demo.

AVANZA EN COMPETENCIAS

Manexar conceptos

- 1 Define os seguintes termos: *escultura exenta*, *lei do marco*, *pantocrátor*.


Coñecer a arte

- 2 Explica por que as esculturas e as pinturas románicas son inexpressivas, ríxidas e impasibles.
- 3 Selecciona unha escultura e unha pintura románicas e realiza un comentario sobre elas. Debe incluír, polo menos, estes aspectos: localización, material, trazos estilísticos e tema representado.

Consulta a análise de obras de arte (II) e (III). A pintura e a escultura

DESTREZA

A iconografía. Escultura e pintura



1. Anxos. 2. Cruz. 3. San Pedro coas chaves. 4. Virxe. 5. Todopoderoso nunha auréola mística rodeado dos catro evanxelistas. 6. Anxo impedindo que os condenados entren no ceo. 7. Santa Fe portando a igrexa. 8. Condenados entrando no inferno. 9. Castigo dos condenados. 10. Demo. 11. Elixidos entrando no paraíso.

A escultura



Virxe de Ger. A Virxe non mostra ningunha relación maternal co seu fillo.

A pintura



Pintura mural románica da ábsida da igrexa de San Pedro de Burgos (séculos XI-XII).

DESAFÍOS QUE DEIXAN PEGADA

APLICA

- 1 Explica brevemente a estrutura dun feudo. A imaxe inferior pódete servir de axuda.



A. Reserva señorial.

B. Mansos.


1. Bosque.

2. Castelo.


3. Aldea.

- 2 Contesta estas cuestións:

- a) En que consistían as relacións de vasalaxe?
- b) Entre quen se levaban a cabo? A que se comprometía cada unha das partes?
- c) Que outras relacións de tipo persoal se levaron a cabo en época feudal?



- 3 Redacta un texto de dez liñas comentando a información recollida nesta ilustración.



- 4 Compara a vida cotiá da nobreza e do campesiñado.
- 5 Escribe no teu caderno algunhas consecuencias do uso de pedra nas bóvedas románicas.



REFLEXIONA E VALORA

Continuaremos co estudo da Alta Idade Media e o inicio do feudalismo. Reflexiona de xeito individual e comparte en grupo a valoración sobre as actividades implicadas. Para iso, descarga en anayaeducacion.es a rúbrica correspondente.

PON A PROBA AS TÚAS COMPETENCIAS

Comproba as túas competencias realizando a autoavaliación competencial. Poderás encontrala en anayaeducacion.es.